



Envases alimentarios sostibles: Ecodeseño, marco legislativo e papel dos SCRAPS



12 de setembro



9.30 horas



Edificio FEUGA (Santiago de Compostela)

O Clúster Alimentario de Galicia organiza este encontro empresarial para dar a coñecer entre o sector alimentario o novo marco legislativo en materia de envases de produtos alimentarios e as obrigas que implica; as ferramentas de ecodeseño que poden apoiar a redución do impacto ambiental dos envases; e os diferentes Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAPS).

Esta xornada brindará unha plataforma para o intercambio de coñecementos e experiencias entre expertos e empresas do sector, fomentando a colaboración e a innovación na busca de solucións sostibles. Así, permitirá ás empresas adaptar as súas estratexias ás normativas actuais e mellorar a súa eficiencia ambiental

Adicionalmente, as empresas alimentarias asistentes a este encontro terán a posibilidade de axendar reunións individuais coas entidades SCRAPS que participan na xornada, favorecendo o networking entre as persoas asistentes.

Para participar nesta xornada empresarial, que é de balde, é preciso rexistrarse antes do 11 de setembro ás 14.00 horas a través da ligazón que aparece a continuación.

Máis información

✉ circular@clusaga.org

☎ 682 616 021

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

PROGRAMA

09.30	Benvida Juanjo De la Cerda CEO de Clusaga
09.40	Principais obrigas e retos do actual marco legislativo relacionado cos envases alimentarios Juan José Pernas Universidade da Coruña
10.00	Ecodeseño de envases: ferramentas de impacto ambiental para envases alimentarios Carles Gasol Inèdit
10.20	Encontro con SCRAPS que poden prestar apoio cos envases domésticos Virginia Moreno Ecoembes Sandra Anguiano Ecovidrio Esther Colino Procircular
11:05	Pausa café
11:45	Encontro con SCRAPS que poden prestar apoio cos envases comerciais ou industriais Pilar Arrayás Cartón Circular Laura Sanz Implica Isabel Goyena ENVALORA
12:30	Clausura da xornada
12:35	Rolda de reunións cos SCRAPS participantes